

Subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para os proxectos de equipamentos térmicos de biomasa executados en Galicia para a Administración pública, entidades sen ánimo de lucro, empresas e autónomos.

Presentación de solicitudes

Prazo para a presentación das solicitudes

- **Inicio:** desde o 19 de xaneiro de 2016
- **Fin:** 18 de febreiro de 2016

Só se admite a presentación electrónica.

Os interesados realizarán as solicitudes a través de aplicacións informáticas habilitadas para cubrir os formularios e presentalos electronicamente xunto coa documentación complementaria dixitalizada que se indica nas bases reguladoras

Beneficiarios

Poderán acceder á condición de beneficiarios das presentes subvencións:

- a) As Entidades locais de Galicia e entidades dela dependentes.
- b) A administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais dela dependentes.
- c) As entidades sen ánimo de lucro.
- d) Empresas legalmente constituídas e autónomos

Non poderán ter a condición de beneficiarias as empresas dos sectores excluídos do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) núm. 651/2014, do 17 de xuño de 2014, no seu artigo 1.2, entre as que figuran:

- a) As empresas do sector da pesca e da acuicultura segundo se recolle no Regulamento (UE) núm. 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013.
 - b) As empresas que operan na produción primaria de produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.
 - c) Aquelas que operan na transformación e comercialización dos produtos agrícolas:
- Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.
 - Cando a axuda este supeditada a que unha parte ou a totalidade da mesma repercutese ós produtos primarios

Intensidade de axudas e contías máximas

A contía máxima de axuda será calculada en función da potencia instalada e do tipo de instalación, e terá as seguintes intensidades por beneficiario:

Tipo de Beneficiario - Intensidade máxima da axuda

- Entidades locais: 75%
- Sector público autonómico: 75%
- Entidades Xurídicas sen ánimo de lucro (que no realicen actividade económica): 50%
- Empresas, as súas agrupacións e asociacións, así como entidades sen ánimo de lucro que realicen actividade económica. No caso de pequenas empresas a axuda incrementarase en 20 puntos porcentuais e no caso de medianas empresas en 10 puntos porcentuais: 45%

Tendo en conta que na presente convocatoria aplícase a sección 7 do capítulo III do Regulamento (UE) núm. 651/2014 como axudas ao investimento para a promoción da enerxía procedente de fontes renovables (artigo 41.b), que afecta, fundamentalmente, a empresas e algunhas institucións sen ánimo de lucro, para as tipoloxías B establececese como redución, pola inversión equivalente menos respectuosa co medio natural, un rateo de 70 €/KW, que minoraría os rateos da táboa de custes elixibles en función da potencia e da tipoloxía da instalación. Para as tipoloxías A, a redución será dun 20% sobre os rateos da táboa.

A contía máxima da axuda por proxecto será de 200.000 € e por solicitante de 1.000.000 €.

Prazo de xustificación

O prazo límite para a execución dos investimentos vinculados aos proxectos subvencionados e para presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o **30 de setembro de 2016**.